



PLAN DIXITAL

Ceepr Aspanaes Ferrol

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de acción

- 3.1. Obxectivo, indicadores e acción
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora

5. Disfusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro educativo Ceepr Aspanaes Ferrol (recentemente mudou a nomenclatura do centro a Ceepr Aspanaes Ricardo Touceda) está integrado na rede de centros e servizos que a entidade Aspanaes ten na provincia de A Coruña. Estamos situados no municipio de Ferrol, concretamente no lugar de San Pedro de Leixa s/n. 15405 (ceeferrol@aspanaes.com). Non contamos con páxina web propia do colexio, pero a entidade sí a ten, <https://www.aspanaes.org/>. A nosa intervención educativa céntrase en dar resposta ás necesidades globais e específicas do alumnado con TEA (Trastorno do Espectro Autista), proporcionando unha atención o máis individualizada e especializada posible; polo que a ratio, nas nosas aulas é de 3 a 5 nenos/as por mestre. O centro conta con seis aulas de pedagogía terapéutica, cos seus respectivos 6 mestres titores. Refórzase o equipo profesional do centro coa presenza dunha mestra de apoio. Tamén contamos con 2 mestras de audición e linguaxe (ALs), 2 auxiliares técnicos educativos (ATEs) e unha psicóloga. O presente curso 2021-22 temos escolarizados un total de 27 alumnos, con idades comprendidas entre os 6 e os 17 anos, abarcando as etapas educativas de educación infantil, primaria e secundaria. Os alumnos están escolarizados en diferentes modalidades segundo as súas características e necesidades individuais; 10 están escolarizados en modalidade de escolarización total e 17 en modalidade de escolarización combinada con outros centros ordinarios.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

O centro pertence á Asociación Aspanaes (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de A Coruña), entidade privada, sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública. Este centro está concertado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Sitúase en San Pedro de Leixa, núcleo rural pertencente á parroquia de Santa Icíá, no concello de Ferrol. Nesta zona predominan as explotacións forestais e gandeiras. Ademais aquí están ubicados os principais recursos socio-sanitarios da comarca de Ferrolterra, o Complexo Hospitalario Profesor Novoa Santos - Arquitecto Marcide que consta de tres edificios repartidos pola zona: Hospital Naval, Hospital Novoa Santos e Centro Hospitalario Universitario Ferrol e o Centro de minusválidos físicos CAMF. Tamén hai dous centros educativos cercanos, o Cee Terra de Ferrol, e o IES Leixa. O centro comparte edificio co Centro de Día e Residencial Coral Seoane de Aspanaes e conta cunha extensión total de dúas hectáreas.

A contribución do Plan Dixital ao noso proxecto educativo está moi ligado ao obxectivo plantexado no mesmo Plan: “Mellorar a competencia dixital no noso centro educativo”, xa que as persoas con TEA son “pensadores visuais” polo que comprenden e interiorizan mellor os contidos sempre que estes se lles acompañen de

forma visual, aínda que posúan linguaxe oral. Os apoios visuais presentan a vantaxe de ser concretos e permanentes no tempo fronte á linguaxe verbal (abstracta, temporal e invisible).

Este obxectivo contribúe tamén a reafirmar a Misión da nosa entidade “Promover oportunidades e facilitar apoios específicos e especializados para que cada persona con TEA e a súa familia poidan desenrolar os seus proxectos de vida” que se reflexará na nosa Programación Xeral Anual do curso 2022/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten. A resolución do 3 de setembro de 2021 ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4. Proceso de elaboración

Ao longo do presente curso 2021-2022, elaboramos o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva. Para o deseño e elaboración do Plan Dixital empregamos o portal educativo facilitado, onde se recolle a información e ferramentas para o seu desenvolvemento, <https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>. Para a súa elaboración seguimos os seguintes pasos:

- 1º) Realizamos a análise da situación do noso centro a través das ferramentas para a diagnose SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente (test CDD).
- 2º) Obtivemos o informe SELFIE e a información aportada polo test CDD.
- 3º) A partir do Informe SELFIE xeramos un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu definir as liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. Determinamos un obxectivo a acadar de cara ao vindeiro curso, en relación ao manexo das pizarras dixitais.
- 4º) No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.
- 5º) O vindeiro curso 2022-2023, procederemos á implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento disponible

O alumnado con TEA caracterízase por ser pensadores visuais, polo que precisan de soportes e materiais especialmente motivadores para aceptar e implicarse no traballo dirixido a mellorar as súas capacidades comunicativas, sociais e cognitivas. O uso das TIC incrementa, en gran medida, as súas posibilidades de aprendizaxe e integración. As TIC son un recurso que posibilita ao noso alumnado a igualdade de condicións para integrarse e relacionarse co entorno. Ademais, o uso de soportes TIC como apoios comunicativos ou sociais resulta moito máis normalizador (pola ampla xeneralización do seu uso para diferentes finalidades na poboación en xeral), en comparación a outro tipo de apoios (carpeta PECS, signos, etc.). Por outra banda, facemos uso tanto de programas informáticos como de apps para tablets e pizarra dixital para incrementar os recursos comunicativos dos alumnos (softwares comunicadores, como sistemas aumentativos ou alternativos da comunicación),

traballar aspectos cognitivos (memoria, atención...) ou como ferramenta de ocio. Os recursos materiais cos que contamos actualmente son:

- Aulas de uso múltiple:
 - Dous televisores con TDT.

- Aulas:
 - Un ordenador portátil en cada unha das 6 aulas, con conexión por wifi/cable a internet.
 - Un ordenador en cada unha das 2 aulas de AL, con conexión a internet.
 - Tres ordenadores no despacho do equipo directivo e a psicóloga, con conexión por wifi/cable a internet.
 - Un ordenador na aula de hábitos (ATEs) con conexión a internet.
 - Dous impresoras con escáner.
 - Tres impresoras pequenas de mesa.
 - Tódalas aulas dispoñen de polo menos 1 tablet.
 - Un portátil táctil itinerante.
 - Cinco pizarras dixitais.
 - Unha cámara de fotos dixital por aula.
 - Unha tablet en cada unha das 2 aulas de AL, con conexión a internet.

Os diferentes profesionais do centro continuamos potenciando o emprego das TIC como ferramenta de traballo habitual no proceso de ensino-aprendizaxe, facendo a elaboración de programacións, memorias, plans, materiais adaptados, etc. A través das TIC continuamos potenciando canles de comunicación e participación de toda a Comunidade Educativa (familias, centros educativos ordinarios con alumnos en combinada, centros educativos da contorna, asociacións, profesionais voluntarios,...) nas diferentes actividades do centro: transmisión de información por e-mail, páxina web, etc. O alumnado segue a adquirir un manexo adecuado dos diferentes soportes das TIC (PC, rato, teclado, pantalla táctil, fotocopiadora, etc.) e apps (youtube, power point para a elaboración da axenda, word...). Así mesmo, as TIC son un instrumento útil para adquirir coñecementos básicos, facer unha búsqueda axeitada de información (seleccionar so o relevante), facilitar a comprensión de determinadas situacións sociais, comportamentos, emocións, normas, etc. Son ademais un instrumento axeitado para facilitar a estruturación de tempos e a anticipación de actividades. No noso centro educativo por tanto, empregamos as TIC como canle de comunicación e participación de toda a Comunidade Educativa, así como ferramenta de adquisición de coñecementos co noso alumnado. Sen embargo, faise necesario continuar formándonos para actualizar e mellorar as competencias dixitais, aproveitando así todos os recursos dispoñibles na práctica diaria no centro.

Non contamos con páxina web propia do centro pero sí temos páxina xeral de Aspanaes. Aínda que non empregamos o programa Abalar, facemos uso do MN Program como sistema de almacenamento de información do alumnado, elaboración e avaliación dos programas individuais, recollida de información actualizada de familias, centros ordinarios e outros profesionais que traballan co noso alumnado...

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Recóllense na táboa as puntuacións obtidas nas diferentes áreas do SELFIE, nun rango de 0 a 5.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Etapas de infantil, primaria e secundaria
A-Liderado	EquipoDirect.	3.3
	Profesorado	4
	Alumnado	No aplicable
B-Colaboración e redes	EquipoDirect.	3.3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	1.2
C-Infraestructuras e Equipos	EquipoDirect.	4.2
	Profesorado	4.3
	Alumnado	4.9
D-Desenvolvemento profesional continuo	EquipoDirect.	3.6
	Profesorado	4.3
	Alumnado	No aplicable
E-Pedagogía: Apoios e recursos	EquipoDirect.	3.5
	Profesorado	4.1
	Alumnado	No aplicable
F-Pedagogía: Implementación na aula	EquipoDirect.	3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	5
G-Prácticas de avaliación	EquipoDirect.	2.6
	Profesorado	3
	Alumnado	No aplicable
H-Competencias dixitais do alumnado	EquipoDirect.	1.9
	Profesorado	3.9
	Alumnado	1.7

O noso centro educativo ten escolarizado alumnado con TEA en idades comprendidas entre os 6 e os 17 anos. As agrupacións por aula fanse en función das características e necesidades que presenten, polo que non se fai distinción entre etapas educativas na táboa. Recalcar tamén que os alumnos que participaron foron 7, os calen contaban cos requisitos mínimos para comprender e cubrir os diferentes apartados do SELFIE. Participaron a totalidade dos profesionais do centro, un total de 12.

O test CDD foi cuberto pola totalidade dos mestres, 7 en total.

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	%
DEFINITIVO	7	7	100%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD).

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
46	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapa (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD).

Non se contemplan as puntuacións coa diferenciación por etapas xa que as agrupacións dos alumnos organízanse en función das súas características e necesidades. Contabilízase de xeito global a puntuación obtida por tódolos mestres do centro.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Educación especial	46	Explorador/a (A2)	72,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD).

Dos 7 docentes do centro que participaron no Test CDD obtivemos os seguintes resultados:

- 1 obtivo un nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir, o 14,3%.
- Os 6 restantes acadaron un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 85,7%.

	Total profesorado do nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	14,3%
Explorador/a (A2)	6	85,7%
TOTAL	7	100%

2.3.Análise DAFO

Unha vez obtido o informe SELFIE e o test CDD xeramos unha análise DAFO, reflexando os nosos puntos fortes e aspectos a mellorar. Reflexamos na seguinte táboa a análise da situación para así elaborar as liñas fundamentais do Plan Dixital.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRASTRUCTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Adquisición de novos equipamentos dixitais de aprendizaxe (pizarras) 2. Contar co software MN Program para recoller e acceder a toda a información do alumnado 3. Asistencia técnica 4. Contamos cun ordenador en cada aula 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Formación sobre aplicacións en pizarra dixital 2. Algúns equipos informáticos con pouco rendemento 3. Actualizar os equipos de fotografía e vídeo
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe 2. Contar con formación para instalar unha emisora de radio no colexio 3. Implicación do personal en formarse en novas modalidades de ensino 4. Adaptar as tarefas dixitais ás necesidades e características do alumnado 5. Avaliación dos programas individuais a través do MN Program 6. Compartir en soporte dixital os diferentes 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Competencias dixitais de nivel A2 (explorador) 2. Intercambio de experiencias dixitais 3. Creación de recursos dixitais 4. Ensino de uso responsable e seguro das TICs ao alumnado

	avances do alumnado ás familias	
PERSOAL NON DOCENTE (Considérase persoal non docente no centro á logopeda, á mestra de audición e linguaxe, aos auxiliares técnicos educativos e á psicóloga. Todos teñen atención directa co alumnado)	1. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe 2. Conta con formación para instalar unha emisora de radio no colexio 3. Implicación do persoal en novas modalidades de ensinanza 4. Adaptar as tarefas dixitais ás necesidades e características do alumnado	1. Competencias dixitais de nivel A2 (explorador) 2. Intercambio de experiencias dixitais 3. Creación de recursos dixitais
ALUMNADO	1. Interese polos dispositivos dixitais (resultan atractivos para o alumnado) 2. Aprendizaxe visual 3. Realiza actividades de ensino-aprendizaxe a través de recursos dixitais	1. Características propias do alumnado con TEA, que poden dificultar o levar a cabo determinadas actividades dixitais 2. Emprego de dispositivos sempre con guía e supervisión (diferenciar ocio e traballo, manexo dos tempos...). Falta de autonomía 3. Uso abusivo das tecnoloxías no fogar, o que implica que no colexio limitemos o tempo de uso
FAMILIAS	1. A maioría poseen recursos dixitais 2. Inmediatez no intercambio de información coa mensaxería instantánea 3. Compartir en soporte dixital os diferentes avances dos seus fillos/as	1. Non sempre contan coas competencias dixitais necesarias 2. Creencia de que os dispositivos dixitais son só para ocio
OFERTA	1. Asistencia a familias para o manexo dixital 2. Préstamo de dispositivos (tablet) a familias 3. Equipamento dixital para uso do alumnado no centro	1. Non dispoñemos de páxina web ou aula virtual propia do centro 2. Non dispoñemos dun dispositivo dixital para cada alumno
ORGANIZACIÓN DECENTRO	1. Contar con momentos da xornada para o emprego de recursos dixitais de aprendizaxe 2. Continuidade do aprendizaxe de xeito telemático (videoconferencias) por diferentes circunstancias	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Non dotación de recursos dixitais 2. Non facilidades para a creación dunha páxina web
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Flexibilidade nas adaptacións curriculares realizadas dende o centro, dando sempre o visto bo 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Currículum non adaptado ao alumnado con TEA
	ANPA (No aplicable. Non contamos con ANPA)		
	CONTORNA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Mala cobertura telefónica 2. Wifi inestable 3. Falta de espazo para un aula TIC
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Oferta formativa e asesoramento dende o CFR de Ferrol 2. Formacións ofrecidas polo Ministerio de Educación y Formación Profesional 	

3. Plan de acción

3.1. Obxectivo, indicadores e acción

A análise DAFO permitiunos reflexionar sobre as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades como centro, en relación ás nosas competencia dixitais. En función del, establecimos o obxectivo no Plan de Acción, en relación ao emprego das pizarras dixitais. Pensamos nun obxectivo que fose específico, medible, alcanzable, relevante e definido no tempo. Determinamos como obxectivo a traballar de cara ao vindeiro curso “Mellorar no uso das pizarra dixitais como recurso didáctico”. Na seguinte táboa determinanse os indicadores, accións a desenvolver, os reponsables, as datas determinadas... Faremos un seguimento do obxectivo durante o curso, indicando o estado das accións a desenvolver para acadar o obxectivo marcado.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital para o obxectivo:

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO:	Mellorar no uso das pizarra dixitais como recurso didáctico				Acadado	
Responsable:	Directora do centro educativo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Realizar al menos un curso de formación en relación ao manexo das pizarras dixitais					
Valor de partida:	0 cursos realizados en relación ao manexo concreto das pizarras dixitais					
Valor previsto e data:	1 curso realizado de pizarra dixital		Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Buscar o asesoramento do CFR para realizar formacións sobre a pizarra dixital	Equipo directivo	Primeiro trimestre do curso 2022-2023	Asesoramento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Participar na formación en recursos de pizarra dixital	Profesionais do centro	Xuño 2023	Docencia Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comezar a aplicar os coñecementos adquiridos na formación na aula co noso alumnado	Profesionais do centro	Xuño 2023	Equipamento (pizarras dixitais)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Cara o vindeiro curso 2022/23 precisaríamos contar con dúas pizarras dixitais para desenvolver o obxectivo proposto no noso Plan Dixital: “Mellorar no uso das pizarra dixitais como recurso didáctico”, dado que os nosos alumnos e alumnas son “pensadores visuais” e poder contar con ditos soportes facilitaríalles moito a adquisición de diferentes contidos o que contribuiría ao seu desenrolo persoal.

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora

Para a avaliar a consecución do obxectivo incluído no Plan Dixital, faremos un seguimento ao longo do vindeiro curso das accións propostas. Primeiramente, tal e como se reflexa na táboa, buscaremos o asesoramento do CFR, durante o primeiro trimestre do curso, para atopar docencia e formación específica no uso das pizarras dixitais. Máis adiante, avaliaremos as outras accións propostas durante o curso; como son a participación na formación e a posta en práctica do aprendido na intervención co alumnado no centro. A avaliación implicará determinar o estado de execución das accións propostas, para poder analizar despois os resultados acadados e incluír as propostas de mellora pertinentes. A avaliación final do obxectivo realizarase en Xuño do 2023, a finais do vindeiro curso.

5. Difusión do PD

Para dar publicidade e difusión ao presente Plan Dixital entre a comunidade educativa será presentado no Claustro e no Consello Escolar e enviado a todas as familias do noso alumnado no vindeiro mes de xuño.